

Economía

Cámara de Comercio ourensá
Mirando a Porto Rico

O SIL/REDACCIÓN
Ourense

Porto Rico, con 5,2 millóns de habitantes e unha renda per cápita superior á española, é un mercado de gran consumo que apreza e demanda os produtos españois, “polo que case todos os sectores serían benvidos, se ben neste primeiro contacto os sectores ourensáns con maior atractivo son o agroalimentario, o turismo e os intercambios culturais, xunto coa

universidade e as escolas de negocio”. Así o explicaba Juan Luis Carril, secretario xeral da Cámara española nese país, o 18 de xuño no encontro mantido coa Cámara de Comercio de Ourense.

Nesta reunión abríase a porta á colaboración na promoción de produtos ourensáns agroalimentarios e de servizos turísticos e culturais nese país, así como á posibilidade de levar alí a ampla programación formativa a distancia que ofrece a entidade cameral ourensá.

Asoc. de Balnearios de Galicia
Castro, na asemblea

O SIL/REDACCIÓN

Galicia é a comunidade española que “máis aposta polo turismo e a aposta polo turismo de saúde é fundamen-

tal para lograr a diferenciación”. Son palabras da directora de Turismo de Galicia, Nava Castro, na clausura da asemblea anual da Asociación de Balnearios de Galicia, que tiña lugar o 27 de xuño no balneario de Lugo.



Clausura da asemblea anual da Asociación de Balnearios de Galicia.

FOTOS: IXP CASTAÑA DE GALICIA / PROAGROSILGA



A IXP Castaña de Galicia e Proagrosilga homenaxeaban a Posada nunha cea.

Proagrosilga renova a súa directiva

Homenaxe a Posada

O SIL/REDACCIÓN
Ourense

O sector galego da castaña tiña unha triple cita en Ourense na tarde do 21 de xuño. Primeiro celebraba unha asemblea da Indicación Xeográfica Protexida Castaña de Galicia e logo outra de Proagrosilga (Asociación de Produ-

tores e Exportadores de Produtos Agrosilvestres de Galicia), entidade promotora da denominación de orixe para este froito de outono. Entre os asuntos abordados na orde do día desta segunda reunión destacou a renovación do equipo directivo, que agora preside o valdeorrés Francisco Barredo (Castañas Barredo). Xunto a el estarán neste novo mandato Jesús Quintá (Alibós) como vicepresidente, Maite Gonzá-

lez (Cuevas e Cía) como secretaria e Juan Fernández (Castañas Rafael) como tesoureiro. A xunta complétese con cinco vogais: José Posada (Posada Marrón Glacé), Soledad Ceballos (Asociación de Cooperación para o Desenvolvemento dos Soutos “A Castaña”), José María Lago (Asociación de Produtores de Castaña Conso-Frieiras), Martín Pérez (Agroalimentarias Antonio Martín) e José Domingo Gómez (Patatas Puga Verín). Ademais fíxose balance das xestións e actividades realizadas por Proagrosilga e comentouse a celebración en setembro do IV Encontro Europeo da Castaña en Bolonia (Italia).

Despois, o sector rendía homenaxe ao empresario José Posada González, falecido hai uns meses, nunha cea no Mesón “Casa de María Andrea” en Eirociño dos Cabaleiros-Ourense. Nela o seu fillo recibiu detalle conmemorativo do sector.



O fillo de José Posada Glez. na cea homenaxe organizada polo sector da castaña.



piquiño
restaurante

Chef: Marcos Gonzalez

Con sus especialidades en arroces:

- Arroz con Bogavante.
- Arroz con Marisco.
- Arroz Negro Salteado.
- Arroz con Androlla.



Disfruta de nuestra terraza y nuestras tapas sobre el río Sil.

Paseo del Malecón 12-13 - 32300 O Barco de Valdeorras

PARA BANQUETES Y EVENTOS ESPECIALES
HAZNOS LLEGAR TUS RESERVAS:  **988682349**

Síguenos en:  facebook  Piquiño O Barco